



Vigo, a 20 de xullo de 2012.—A concelleira delegada de Medio Ambiente, Igualdade de Xuventude, M^a Jesús Lago Rey. 2012007226

A N U N C I O

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 20 de xullo de 2012 adoptou o seguinte acordo:

- 1.— Declarar, ao abeiro do establecido no artigo 11 en relación co artigo 24 da ordenanza municipal para a protección e tenencia de animais, como zona de espaxemento canino o espazo sito no ámbito da API-43 Pombal, cunha superficie de 19.515.00 m², segundo plano de situación incorporado ao expediente 8665/306.
- 2.— Autorizar a libre circulación dos cans neste espazo, os cales poderán ir soltos acompañados polo seu propietario/a ou posuidor/a.
- 3.— Quedan exceptuados do disposto no apartado anterior os cans cualificados como potencialmente perigosos, conforme co Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, polo que se regula a tenencia de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia, que deberán, en lugares públicos, ir sempre con correa e bozo, de conformidade coa normativa aplicable.
- 4.— Sinalar verticalmente a zona como de espaxemento canino.
- 5.— O propietario/a ou posuidor/a dos cans deberá manter o control sobre eles ao fin de evitar molestias ou danos ás persoas e aos demais cans, sendo responsable o propietario/a ou posuidor/a do seu comportamento e danos, de acordo coa normativa aplicable.
- 6.— Publicar o presente acordo no BOP segundo o establecido no artigo 59.6 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, que producirá efectos ao día seguinte da devandita publicación.

Indicar ás/aos interesadas/os que o acordo que se notifica pon fin á vía administrativa ao abeiro do disposto no artigo 109.c) da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Contra este acto administrativo poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da presente notificación, de acordo co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992.

Asemade, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo segundo o previsto nos artigos 1, 8, 25.1, 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, 116 e concordantes da Lei 30/1992, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da presente notificación; sen prexuízo da interposición pola/o interesada/o de calquera outro recurso que estime procedente conforme a Dereito.

Vigo, a 20 de xullo de 2012.—A concelleira delegada de Medio Ambiente, Igualdade de Xuventude, M^a Jesús Lago Rey. 2012007227

A N U N C I O

Orde do día para a sesión ordinaria que tivo lugar o día 25 de xuño de 2012, ás nove horas, no salón de Plenos do Concello de Vigo.

PARTE RESOLUTIVA

- 1.— **Actas anteriores** (Sesións 28.05.12 e 04.06.12). Aprobadas.
- 2.— **Declaracións institucionais.**

Non se formulan